

## ADDENDA

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA

En Santiago de Compostela

Dunha parte, D. Iker Sertucha Lista, presidente da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia -en adiante FAXPG-, nomeado en Asemblea Xeral do 22 de Xaneiro de 2022, con CIF G-15068091 e enderezo social na rúa Félix Estrada Catoira, 3-Baixo Dereita (A Coruña), exercendo as atribucións que os estatutos lle confiren por razón do seu cargo.

Doutra parte, D. Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias -en adiante FEGAMP-, nomeado na X Asemblea Xeral da FEGAMP celebrada o día 29 de novembro de 2019, e con enderezo social en Rúa Varsovia, 4C, 6ª planta (Santiago de Compostela), exercendo as atribucións que os estatutos lle confiren por razón do seu cargo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan, teñen conferidas e

## EXPOÑEN

### PRIMEIRO

Que a FEGAMP e a FAXPG asinaron un convenio de colaboración con data 29 de Xuño de 2022 co obxecto de establecer unha canle de colaboración para achegar aos concellos de Galicia as actuacións e iniciativas da FAXPG, así como ofrecer aos mesmos os servizos de información e asesoramento da FAXPG encamiñados ao fomento da accesibilidade no ámbito da súa actuación.

### SEGUNDO

Que a cláusula quinta do convenio establece que terá vixencia desde o día seguinte da súa formalización por un ano, sen prexuízo da súa prórroga mediante acordo expreso e unánime das partes por períodos anuais ata un máximo de catro anualidades.

### TERCEIRO

Que o 3 de maio de 2023 a FAXPG procedeu solicitar a prórroga do convenio de colaboración, así como a modificación da cláusula segunda do convenio, para axustala ás actividades efectivas desenvolvidas pola FAXPG.

## CUARTO

Que a Xunta de Voceiros da FEGAMP acordou, na súa reunión de 9 de maio de 2023, a aceptación da prórroga do convenio de colaboración por un ano máis e a modificación da cláusula solicitada.

En base ao exposto, as partes asinan de común acordo a presente addenda, segundo as seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA

Modificar o primeiro parágrafo da cláusula segunda do convenio e onde di: *“A FAXPG facilitará a accesibilidade dos principais contidos na páxina web da FEGAMP en lingua de signos Española, co fin de que as persoas xordas, usuarias desta lingua, poidan acceder á información de forma totalmente accesible, segundo marca a normativa vixente”*, **substitúese por:** *“A FAXPG facilitará a accesibilidade ó contido sobre que é a FEGAMP en lingua de signos.”*

### SEGUNDA

Aprobar a prórroga do convenio ata o 29 de Xuño de 2024.

En proba de conformidade de canto antecede, subscriben o presente convenio na data da sinatura dixital.

**Pola FEGAMP: D. Alberto Varela Paz, presidente**

**Pola FAXPG: D. Iker Sertucha Lista, presidente**